



Número de expediente:2019/NOMFUNCONTEMP/000001

**ANUNCIO PARA A PUBLICACIÓN NO TABOLEIRO DE ANUNCIOS EN RELACIÓN COA CONTRATACIÓN LABORAL DUNHA TRABALLADOR PARA A SUBSTITUCIÓN DO OPERARIO DE SERVIZOS DON AGUSTÍN CORREDOIRA PIAY ADSCRITO Á UNIDADE OPERATIVA DE CONSERXERÍA DE CENTROS ESCOLARES DURANTE A DURACIÓN DUNHA BAIXA POR INCAPACIDADE TEMPORAL**

O 20/02/2019 ditouse a seguinte resolución que debe ser publicada no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello durante o prazo de 10 días hábiles, dando cumprimento ao disposto no artigo 15 das bases reguladoras da lista de reserva (lista B) publicada o 08/05/2017, para a substitución transitoria de diversas prazas e acumulación de funcións na Unidade Operativa de Conserxería de Centros Escolares, grupo AP:

**RESOLUCIÓN DO CONCELEIRO DE GOBERNO RESPONSABLE DA ÁREA DE PERSOAL, RÉXIME INTERIOR E PATRIMONIO RELATIVA Á CONTRATACIÓN LABORAL DUNHA TRABALLADOR PARA A SUBSTITUCIÓN DO OPERARIO DE SERVIZOS DON AGUSTÍN CORREDOIRA PIAY ADSCRITO Á UNIDADE OPERATIVA DE CONSERXERÍA DE CENTROS ESCOLARES DURANTE A DURACIÓN DUNHA BAIXA POR INCAPACIDADE TEMPORAL**

Á vista do expediente tramitado para a contratación laboral dunha traballadora para a substitución do operario de servizos don Agustín Corredoira Piay adscrito á Unidade Operativa de Conserxería de Centros Escolares durante a duración dunha baixa por incapacidade temporal, resultan relevantes os seguintes

**ANTECEDENTES DE FEITO**

1.- O Sr. Corredoira Piay viña prestando servizos como operario adscrito ao Instituto Municipal de Deportes desde o 07/11/2008 mediante un contrato de duración determinada de interinidade, sendo contratado como operario do citado organismo autónomo con carácter de persoal laboral fixo con efectos económicos e administrativos do 16/11/2011.

Posteriormente, mediante acordo do Pleno da Corporación de data 18/07/2016 aprobouse a disolución do organismo autónomo local denominado "Instituto municipal de Deportes" (IMD), con efectos do 31/12/2016, coa asunción por parte desde Concello de Pontevedra das respectivas competencias e servizos, a sucesión polo Concello, con carácter universal e coa correspondente subrogación das obrigas e dereitos do extinto organismo autónomo con efectos do 01/01/2017. A sucesión por parte do Concello de Pontevedra e a subrogación en dereitos e deberes alcanza ás relacións laborais e funcionarias do persoal que prestaba servizos no IMD, os cales, en virtude do artigo 44 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, estes empregados públicos conservan as mesmas condicións laborais, en todos os dereitos e obrigas tanto laborais como de seguridade social.

Posteriormente, o Sr. Corredoira Piay, tras a tramitación do oportuno expediente foi trasladado á Unidade Operativa de Conserxería de Centros Escolares, onde, a día de hoxe, segue prestando servizos (CDG 10136).

2.- Desde o día 02/01/2019, o traballador don Agustín Corredoira Piay se atopa en situación de baixa por incapacidade temporal.

3.- O 08/01/2019, a pedagoga do Servizo de Educación e Dinamización de Servizos presenta un escrito onde, entre outros extremos, sinala o seguinte:

"(...) Con data 02/01/2019 o conserxe que realiza as súas funcións no CEIP Álvarez Limeses, Agustín





Corredora Piay, sofre baixa laboral o que ocasiona a necesidade de cubrir o seu posto.

Dende o 15/11/2017 existe unha lista de reserva para a cobertura mediante provisión interina, de prazas de ordenanza, vixiante e porteiro de colexio público.

A figura do conserxe é unha figura fundamental no centro educativo, de tal modo que a falla nun centro nun día calquera, xera unha merma importante nos servizos de estes centros así como na súa seguridade e vixilancia.

Os conserxes levan a cabo funcións prioritarias de seguridade nos centros educativos, tanto nas instalacións polo seu mantemento, conservación e bo funcionamento, como na seguridade dos nenos e nenas que asiste a diario, con especial importancia nos horarios de apertura e peche dos centros, sendo a súa figura moi importante no funcionamento dun servizo esencial na educación pública.

É prioritaria a atención das necesidades de vixilancia e custodia do edificio escolar e as súas instalacións; apertura e peche das portas do centro, para a entrada do alumnado; atención das chamadas á porta de entrada do edificio ou recinto da escola, etc nos centros educativos. Non cubrir inmediatamente este posto afectaría ao normal funcionamento de este servizo público.

Xa que procede atender as necesidades dos centros é urxente e necesario o nomeamento dun subalterno que leve a cabos as súas funcións na unidade operativa de conserxería do CEIP Álvarez Limeses mentres continúe á baixa existente (...)"

4.- O 22/01/2019 emítese proposta pola concellería de goberno responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio onde se propón que dada a imposibilidade de prover este posto mediante unha redistribución dos efectivos existentes na actualidade nesta Administración municipal e á vista da necesidade exposta no informe emitido para estes efectos pola pedagoga do Servizo de Educación e Dinamización de Servizos, esta concellería de goberno, xa que é imprescindible para o funcionamento desta administración a tramitación dos asuntos da súa competencia, **considera urxente e inaprazable** prover o posto solicitado mediante a celebración dunha contratación de interinidade para a substitución do operario de servizos adscrito ao citado Servizo (CDG 10136) durante a duración da súa baixa por incapacidade temporal, e, en consecuencia, propón que se inicie o expediente para proceder á contratación dun traballador mediante a modalidade de interinidade, correspondéndolles ao candidatos da devandita Lista de reserva (Lista B), de acordo coa súa orde de puntuación e requirindo aos interesados para que acepte ou renuncie no prazo de 48 horas, achegando a documentación preceptiva. En caso de renuncia propórase os seguintes candidatos en orde de puntuación.

Este nomeamento manterá a súa vixencia durante 6 meses, sempre que o traballador substituído se manteña de baixa por incapacidade temporal ata ese momento, producíndose o cese do traballador de interinidade substituído necesariamente cando finalice a antedita situación de baixa. En todo caso, de manterse a baixa por incapacidade temporal ao rematar o período inicialmente previsto de 6 meses, poderá ampliarse o prazo de duración desta contratación temporal tras a tramitación do oportuno expediente, se se manteñen as restantes circunstancias de urxencia e necesidade existentes na actualidade.

Cómpre sinalar nesta proposta expresamente a conveniencia de que, de ser necesario, os custes desta contratación se realice con cargo ás partidas orzamentarias destinadas a financiar aquelas prazas que se atopan na actualidade vacantes.

5.- No Boletín Oficial da Provincia do 22/05/2017 (BOP núm. 96), anunciouse a convocatoria pública para a formación, mediante o sistema de concurso-oposición, dunha lista de reserva (listas B) para a substitución transitoria de diversas prazas e acumulación de funcións na Unidade Operativa de Conserxería de Centros Escolares do Concello de Pontevedra, de acordo coas bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na sesión que tivo lugar o día 08/05/2017.

Mediante resolución do concelleiro de goberno responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio do 27 de novembro de 2017 acordouse aprobar á lista única de reserva para a substitución transitoria de diversas prazas e acumulación de funcións na Unidade Operativa de Conserxería de Centros Escolares, grupo AP (Lista B). Actualmente a citada lista está en período de exposición pública.





6.- Emitido informe polo Servizo de Persoal, a Intervención Xeral Municipal informa, entre outros extremos, o seguinte:

**“(…) 3.- RESULTADO DA FISCALIZACIÓN**

Polo anteriormente exposto infórmase o expediente DE CONFORMIDADE polo que procede continuar a tramitación do mesmo.

**OBSERVACIÓNS**

Así mesmo fórmulanse as seguintes observacións que non suspenden o procedemento pero deberán ser tidas en conta:

1.- No que respecta á incorporación de persoal temporal, debe advertirse que ao atoparnos en situación de prórroga orzamentaria ao non terse aprobado lei de orzamentos xerais do estado para 2019, non parece clara a limitación ou prohibicións que nestes aspectos regúlase anualmente nas leis orzamentarias.

Así, aínda que os Orzamentos Xerais do Estado se prorrogan automaticamente nos “créditos para gastos cuxa realización e indispensable para o normal funcionamento do estado e a ordinaria atención das necesidades colectivas” non se atopa prorrogada a Lei de Orzamentos Xerais para 2017 (así o recolleu expresamente no exercicio 2017 o Real Decreto 746/2016, de 30 de decembro, sobre Revalorización e Complementos de Pensións), polo que non resulta clara a normativa a aplicar.

No que se refire pois a este aspecto de incorporación de novo persoal temporal, parece que debe operar a prohibición de incorporar novo persoal, salvo en casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables (…)

7.- Con data do 12/02/2019, don Luis Manuel Pérez Díz renuncia á oferta de contratación para a cobertura da baixa por incapacidade temporal de don Agustín Corredoira Piay que lle foi comunicada polo Servizo de Persoal.

Con data do 13/02/2019, dona Bárbara Gutiérrez Paz renuncia á oferta de contratación para a cobertura da baixa por incapacidade temporal de don Agustín Corredoira Piay que lle foi comunicada polo Servizo de Persoal.

Con data do 14/02/2019, dona María Victoria Álvarez Taboada, dona Lucía Iglesias Rivas, dona Susana Vega Prieto, dona Berta Lorenzo Pazos, dona Rocío Hermida Míser e don José Padín Torres renuncian á oferta de contratación para a cobertura da baixa por incapacidade temporal de don Agustín Corredoira Piay que lle foi comunicada polo Servizo de Persoal.

Con data do 15/02/2019, dona Yolanda Ogando Estévez renuncia á oferta de contratación para a cobertura da baixa por incapacidade temporal de don Agustín Corredoira Piay que lle foi comunicada polo Servizo de Persoal.

8.- O 18/02/2019, dona María Esther Figueroa Álvarez acepta a oferta de contratación para a concertación dun contrato de interinidade para a cobertura da baixa de incapacidade temporal do traballador don Agustín Corredoira Piay, que lle foi comunicada polo Servizo de Persoal.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

Primeiro.- Non obstante o réxime xurídico exposto nos apartados anteriores, cómpre recordar o disposto no artigo 19.Dous da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, de aplicación a todas as administracións públicas, segundo o cal durante o ano 2018 non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos, agás nos casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables.

Á vista do citado artigo, infórmase que na solicitude da pedagoga do Servizo de Educación e Promoción Económica xa se fai constar o cumprimento deste requisito, polo que cómpre remitirse a aquela, que máis arriba se reproduce.

Segundo.- Don Agustín Corredoira Piay é traballador laboral deste Concello, ocupando un posto de traballo reservado a ese tipo de persoal.





O Real Decreto-Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, dispón no seu artigo 8 que os empregados públicos se clasifican en funcionarios de carreira, funcionarios interinos, persoal laboral, sexa fixo, por tempo indefinido ou temporal, e persoal eventual.

No artigo 11 define ao persoal laboral como aquel ao que en virtude de contrato de traballo formalizado por escrito, en calquera das modalidades de contratación de persoal previstas na lexislación laboral, presta servizos retribuídos polas Administracións Públicas. En función da duración do contrato este poderá ser fixo, por tempo indefinido ou temporal.

O artigo 7 da citada norma establece que o persoal laboral ao servizo das Administracións Públicas se rexe, ademais de pola lexislación laboral e polas demais normas convencionalmente aplicables, polos preceptos deste Estatuto que así o dispoñan.

Terceiro.- O artigo 26 da Lei 2/2015, do 2 de abril, do Emprego Público de Galicia engade que en ningún caso poden ser desempeñados por persoal laboral os postos de traballo que estean reservados a persoal funcionario en virtude do previsto no artigo 22 desa Lei. Así, o apartado 3 do citado artigo 26 dispón que poden ser desempeñados por persoal laboral os postos de natureza non permanente e aqueles cuxas actividades se dirixan a satisfacer necesidades de carácter periódico e discontinuo, os postos cuxas actividades sexan propias de oficios, aqueles correspondentes a áreas de actividade que requiran coñecementos técnicos especializados cando non existan corpos ou escalas de persoal funcionario nos cales as persoas integrantes teñan a preparación específica necesaria para o seu desempeño e os postos de carácter instrumental correspondentes ás áreas de mantemento e conservación de edificios, equipamentos e instalacións, e artes gráficas, así como os postos das áreas de expresión artística.

Pola súa parte o artigo 27 da antedita LEPG prevé que os postos de traballo vacantes que poidan ser desempeñados por persoal laboral e se consideren de provisión urxente e inaprazable poden ser cubertos mediante a contratación de persoal laboral temporal de conformidade cos procedementos contemplados no convenio colectivo que resulte de aplicación. En todo caso, para a contratación deste persoal laboral non se poderá acudir ás empresas de traballo temporal. Os postos vacantes cubertos mediante a contratación de persoal laboral temporal se incluírán na primeira oferta de emprego público que se aprobe despois desa contratación e nos seguintes concursos de traslados, salvo que se dispoña a súa amortización.

As administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei non poden converter en fixa unha relación laboral de carácter temporal. Incorrerán en responsabilidade, nos termos previstos por esta lei, as persoas que coa súa actuación irregular dean lugar á conversión en fixa dunha relación laboral de carácter temporal.

Pola súa parte, no que respecta á Administración Local a Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, dispón no artigo 249 determina que a contratación laboral revestirá as modalidades previstas na lexislación laboral e que tales relacións, na súa integridade, terán o réxime establecido nas normas de dereito laboral.

Cuarto.- De acordo co anterior, temos que remitirnos ao artigo 15 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 25 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (TRLET). No apartado 1 do citado artigo se prevé que poderán celebrarse contratos de duración determinada nuns supostos taxados, entre os que recolle o caso no que sexa necesario substituír a traballadores con dereito á reserva do posto de traballo, sempre que no contrato se especifique o nome do substituído e a causa da substitución (artigo 15.1.c)).

Esta regulación prevista no TRLET está desenvolvida polo Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada.

O artigo 4 deste RD 2720/1998 define ao contrato de interinidade como o celebrado para substituír a un traballador da empresa con dereito á reserva do posto de traballo en virtude de norma, convenio colectivo ou acordo individual. Este contrato deberá identificar ao traballador substituído e a causa da substitución, indicando se o posto de traballo a desempeñar será o do traballador substituído ou o de outro traballador da empresa que pase a desempeñar o posto daquel. A duración do contrato será a do tempo que dure a ausencia do traballador substituído con dereito á reserva do posto de traballo.

O artigo 5 do Real Decreto 2720/1998 establece que o contrato de interinidade deberá celebrarse a xornada completa excepto cando o traballador substituído estivera contratado a tempo parcial ou se trate de cubrir temporalmente un posto de traballo cuxa cobertura definitiva se vaia a realizar a tempo parcial.





O artigo 8.1.c) do citado Real Decreto 2720/1998 prevé que o contrato de interinidade se extinguirá, entre outras circunstancias, cando se produza a reincorporación do traballador substituído, polo vencemento do prazo legal ou convencionalmente establecido para a reincorporación ou pola extinción da causa que deu lugar á reserva do posto de traballo. Non existe necesidade de preaviso, salvo pacto en contrario.

Quinto.-É competencia do Alcalde exercer a superior dirección do persoal ao seu servizo consonte o previsto no artigo 124.4.i) da Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local e o artigo 13.2.i) do Regulamento orgánico do goberno e administración municipal publicado no BOP núm.248 do 28 de decembro de 2005.

Por Decreto da Alcaldía de 21 de abril de 2017 delegouse no concelleiro de goberno responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio as decisións, propostas e trámites en materia de persoal que sexan competencia da Alcaldía, así como o seguimento e control do cumprimento dos dereitos e deberes do persoal ao servizo do concello.

Atendendo ó exposto, esta Concellería de goberno no exercicio das súas atribucións delegadas,

#### RESOLVE:

Primeiro.- Declarar a xustificación e a necesidade urxente e inaprazable de efectuar a contratación laboral temporal na modalidade de interinidade para a cobertura do posto de operario de servizos adscrito á Unidade Operativa de Conserxería de Centros Escolares, don Agustín Corredoira Piay, durante a duración da súa baixa por incapacidade temporal, prevéndose un período inicial de 6 meses, que poden ser prorrogados de manterse a antedita situación de baixa por incapacidade temporal.

Segundo.- Contratar, con efectos do día 21 de febreiro de 2019, a dona María Esther Figueroa Álvarez, DNI núm. 4408\*\*\*\*\*, como operaria (asimilada grupo AP), en réxime laboral con carácter temporal a través da modalidade de contrato de interinidade, a xornada completa, para a cobertura do posto do operario de servizos adscrito á Unidade Operativa de Conserxería de Centros Escolares, don Agustín Corredoira Piay, durante a duración da súa baixa por incapacidade temporal, prevéndose un período inicial de 6 meses (ata o 20/08/2019), que poden ser prorrogados de manterse a antedita situación de baixa por incapacidade temporal e tras a tramitación do oportuno expediente de ampliación.

O cese producirase polas causas xerais previstas na normativa que resulte de aplicación e, en todo caso, cando finalice a baixa por incapacidade temporal do Sr. Corredoira Piay, non podendo excederse do período inicial de 6 meses, excepto que se tramite un expediente para a ampliación da citada contratación.

As retribucións mensuais a percibir pola traballadora contratada serán as seguintes:

POSTO	SALARIO	EQUIP. C.D.	EQUIP. C.E	PP.EXTRA	P.C.E. EXTRA
OPERARIO	582,11	299,88	590,47	147	98,41

Terceiro.- As funcións a desenvolver pola Sra. Figueroa Álvarez serán unicamente as que ten asignadas o posto de operario adscrita á Unidade Operativa de Conserxería de Centros Escolares.

Así o ordena e dispón o concelleiro de goberno responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio por delegación do Excmo. Sr. Alcalde, perante o secretario da administración municipal, que DA FE da precedente Resolución.

